

O xoves 23 de marzo foi convocada a segunda comisión de seguimento da OEP 2022 (Oferta de Emprego Público 2022), asinada no mes de maio pasado. O único punto da orde do día era a “promoción interna”, acordo que no seu punto cuarto recollía a necesidade de avanzar cara un novo modelo de promoción interna que recollera melloras substanciais.

O Sub. De Relacións Laborais cedeu a palabra aos sindicatos que pediran a convocatoria desta comisión, que comezaron denunciando o incumplimento do “acordo sobre os criterios que deben rexir a selección do persoal a través dos procesos de promoción interna” asinado por polos sindicatos CCOO, UGT e CSIF o 3 de novembro do 2022 que tiña como fin actualizar e simplificar estes procesos, **acordo que a CIG non asinou.**

Desgraciadamente os feitos veñen a darlle a razón a CIG. Unha vez publicadas practicamente a totalidade das convocatorias atopámonos coa realidade de que pouco ou nada mudou nos procesos selectivos.

Os sindicatos asinantes do acordo (CSIF, CCOO e UGT) fixeronlle saber a admon os problemas para “vender” este acordo ao persoal da admon, e precisaban, case desesperadamente (estamos en campaña electoral) ver plasmados eses compromisos recollidos.

No uso da palabra a CIG manifestou que non entendía esa sorpresa, que **a CIG non asinara o acordo** porque non se recollía un calendario de implementación desas medidas e que unha vez máis ese acordo non se ía cumprir a corto prazo, que era un “brinde ao sol”. Lembra moslle ao resto de sindicatos que non estaban aquí para falar dese acordo que se volveu “papel mollado” se non que este era un compromiso que viña recollido na OEP 2022 e que entendiamos que antes de nada, antes de falar de acordos que desenvolven acordos, de redución de temarios, de axilización de prazos, de descentralización de probas, etc. había que tomar unha serie de medidas nada complexas como,

- ✓ elaboración de convocatorias claras, precisas e transparentes que non deixaran dúbidas aos participantes nos procesos,
- ✓ un “calendario” ou cronograma de todo o proceso que leva implícito unha convocatoria.
- ✓ datas de exames, tanto do primeiro como do segundo se procede
- ✓ criterios de corrección e valoración claros, recollidos na propia convocatoria . Un exemplo é a PI ao C1, saber se é preciso aprobar a primeira parte para correxir a segunda, ou si se suman ambas.
- ✓ motivación por parte da admon da nota de corte que se aplique nas diferentes probas.

A admon pediu tempo, admitindo que era unha tarefa de longo percorrido que xa se deran pequenos pasos como a modificación da Comisións Permanentes de Selección, e manifestaba a súa intención de seguir neste proceso de transformación dos procesos de promoción interna.